



Concello de Vilalba



# COMUNICADO

## SOBRE A SUSPENSIÓN DA FEIRA DO QUEIXO DE VILALBA

Ante a situación epidemiolóxica que estamos a vivir desde o pasado mes de marzo por mor da pandemia da Covid-19, o Concello de Vilalba e a Asociación de Queixeiros de San Simón da Costa informan da **suspensión** da tradicional Feira do Queixo de Vilalba no seu formato presencial habitual.

Como consecuencia das flutuacións e impacto desta pandemia na saúde da poboación, con distintos gromos ao longo deste ano, especialmente desde o mes de novembro en Vilalba, ambas entidades veñen de tomar esta **difícil decisión**.

Durante os últimos meses seguiu-se con moita **incerteza** a evolución da pandemia, acordando entre a Concellería de Feiras e Mercados e a Asociación de Queixeiros agardar para tomar unha decisión en firme. Ante a evolución dos últimos acontecementos, os expertos poñen no punto de mira a Semana Santa, data na que se realizaría a feira, de xeito que a celebración da mesma pode supoñer un fomento da **mobilidade pouco aconsellable**.

Por outra banda, ao tratarse dunha feira **gastronómica**, garantir o estrito cumprimento das medidas de seguridade nas habituais catas dos produtos convértese nun punto practicamente imposible de controlar. Neste senso, calquera outro formato **desvirtuaría a feira** por completo baixo o criterio dos queixeiros e do concello.

Ante esta situación, realizaranse distintas accións que non requiran presencialidade nin posibles aglomeracións, levando a promoción deste exquisito produto ao **eido virtual e divulgativo**. O queixo de San Simón ocupa un lugar insubstituíble na **gastronomía local**, polo que se centrarán todos os esforzos en continuar dando pulo a este manxar, agardando que no 2022 se retome a tradicional feira.